



SABRINA FERNÁNDEZ. CASAS

ARTE CONTEMPORÁNEA GALLEGA

O territorio pode entenderse como un campo de tensión e pertenza, pero que acontece cando esa pertenza é múltiple? Que formas adopta a identidade cando medra entre dous contextos culturais e lingüísticos distintos? Para a artista Sabrina Fernández Casas, vivir entre Suíza e Galiza non é unha escisión, senón un espazo fértil de relación. A súa obra xorde desa condición híbrida, onde o territorio deixa de ser unha superficie estábel para converterse nunha trama de vínculos e memorias compartidas.




Itziar Couce

Sabrina Fernández Casas.

A dualidade entre natureza e fábrica comeza a esvaeerse, ou cando menos a volverse difusa. A distancia que separaba a mecanización industrial dos rodais de acacias ou dos eucaliptais que ocupan os montes galegos redúcese até converterse nunha continuidade próxima. O territorio, atravesado por lóxicas produtivas, preséntase como unha superficie modelada por forzas económicas e políticas, tamén afectivas. No marco do Programa


de Residencias Artísticas Centro de Arte FMJJ / Normal, Sabrina Fernández Casas (Xenebra, 1988) articula unha investigación que enlaza a explotación do rural galego coa memoria do traballo migrante. A historia da súa nai —empregada durante vinte anos nunha fábrica de limas en Suíza— convértese nun eixo desde o que pensar as cadeas de produción, os desprazamentos forzados e a materialidade do esforzo repetido. O íntimo e o estrutural non aparecen como dimensións



Texto
MANUELA PEREIRA

un filme de SABRINA FERNÁNDEZ CASAS

Alboroque



Imaxe do cartaz de 'Alboroque', 2025. / Dolores Films



Fotograma do filme 'Alboroque', 2025. / Dolores Films




Fotograma do filme 'Alboroque', 2025. / Dolores Films



'Rondes à chaînes', 2024, La Ferme de la Chapelle. / Nicolas Delaroche

'Luddites (Buño)', 2023, Colección do Fondo de Arte Contemporáneo da Cidade de Xenebra (FMAC). / Centro de Arte FMJJ / Normal, A Coruña / Vanessa Casteleiro



'Luddites (Buño)', 2023, Colección do Fondo de Arte Contemporáneo da Cidade de Xenebra (FMAC). / Centro de Arte FMJJ / Normal, A Coruña / Vanessa Casteleiro



'Solastalxia', 2021, Centre d'art contemporain Genève. / Matheline Marmy

'Solastalxia', 2021, Centre d'art contemporain Genève. / Matheline Marmy



'Laissez-nous brûler tout ce qu'il reste', 2024, La Ferme de la Chapelle. / Nicolas Delaroche

'Lès invasives', 2024, La Ferme de la Chapelle. / Nicolas Delaroche

'Nos nosos corpos bordados os saberes dos vosos', 2024, La Ferme de la Chapelle. / Nicolas Delaroche

MACACO Press, Todes Macacques. / Mât, Neuchâtel



separadas, senón como capas dun mesmo proceso histórico.

Tomando como punto de partida o documental *O monte é noso* (1978), de Llorenç Soler —peza fundamental producida pola Coordinadora de Montes Comunais que recolle a loita labrega por recuperar os montes expropiados tras 1939—, a artista realiza *Alboroque* (2025), unha película rodada en 16 mm nos montes de Lentille (Cenlle, O Ribeiro), en colaboración coas brigadas deseucaliptizadoras da Galiza. A elección do soporte analóxico non é simplemente formal: introduce unha textura temporal que vincula o presente co arquivo e coa persistencia das loitas colectivas.

Lonxe de adoptar unha posición ilustrativa, *Alboroque* constrúe unha mirada situada. A acción voluntaria de arrincar especies invasoras convértese nun xesto político que dialoga coa historia recente do lugar, revelando as tensións entre propiedade, comunidade e explotación forestal. A película foi recoñecida co premio MAV - Mulleres nas artes visuais e o premio NUMAX Exhibición no Festival Intersección da Coruña, consolidando un traballo que se move entre o rexistro documental e a elaboración poética.

Producida por Dolores Films, a peza presentouse tamén en contextos internacionais como o Sheffield DocFest (Reino Unido) e Curtocircuito, dentro da sección Planeta GZ en Santiago de Compostela. Anteriormente, xa en Suíza, o proxecto desprazouse cara a un formato instalativo, prescindindo da estrutura narrativa orixinal e incorporando imaxes xeradas mediante tecnoloxía cartográfica 3D LiDAR cedidas pola Universidade da Coruña (UDC).

Alboroque presentouse na exposición individual *Laissez-nous brûler tout ce qu'il reste*, en La Ferme de la Chapelle 2024, unha mostra especialmente significativa no percorrido da artista na que as proxeccións dialogaban con dous tanques de tinta situados no espazo expositivo. Cos títulos reflectidos sobre o chan, establécese unha relación entre imaxe e

materia, entre fluído industrial e superficie simbólica.

Na mesma exposición, que contou coa presenza de Mercedes Peón, autora da música do filme, quen acompañou a apertura cunha actuación en directo, incluíuse unha serie de pezas realizadas con barro de Buño (Malpica, Bergantiños) durante a residencia. Trátase de réplicas en cerámica das limas fabricadas en Vallorbe, en Suíza. Estas limas artesanais reproducen a forma da ferramenta pero anulan a súa función: xa non liman nin cortan, conservan só a pegada da súa superficie. Fernández Casas producía até 30 pezas ao día, seguindo coas súas mans o ritmo de traballo co que a súa nai completaba a produción. Ao repetir este xesto, o facer manual convértese nun exercicio de atención e memoria corporal.

As pezas foron cocidas inicialmente no taller de Tatiana Medal e posteriormente na casa da súa avoa, durante dous días, para afumalas e marcar o lume.

A mostra complétase con pezas murais realizadas no oleiro do Rectoral de Gundivós, con moldes impresos con sementes de eucalipto e xoias de prata dispostas sobre a terra, así como con grandes paneis elaborados con placas de impresión offset recicladas, nos que se representan especies autóctonas e invasoras. Estes traballos non se ilustran coma tese, senón que establecen unha relación entre materiais, xestos e procesos vinculados ao extractivismo, á colonización botánica e á circulación global de recursos.

O conxunto da proposta articula así unha reflexión sostida sobre traballo, territorio e herdanza.

Sobre a edición do traballo propio

Desde case os seus primeiros pasos como artista, Sabrina Fernández Casas desenvolveu unha forte vinculación coa práctica editorial. Sendo cofundadora de Macaco Press, un proxecto colectivo activo entre 2015 e 2025 e que explora a relación entre a autoedición e a acción performativa, o seu interese pola edición non se limita ao formato impreso: a súa investigación esténdese tamén ao

ESTES TRABALLOS NON SE ILUSTRAN COMO TESE, SENÓN QUE ESTABELECEN UNHA RELACIÓN ENTRE MATERIAIS, XESTOS E PROCESOS VINCULADOS AO EXTRACTIVISMO, Á COLONIZACIÓN BOTÁNICA E Á CIRCULACIÓN GLOBAL DE RECURSOS

ámbito expositivo como se veu na súa obra *Solastalxia*, na mostra *Bourses de la Ville de Genève*, no Centro de Arte contemporánea.

Nesta obra, Fernández Casas utiliza placas de impresión offset en aluminio, lonas de EPDM e tinta chinesa en dimensións variábeis para abordar a angustia psíquica e existencial provocada polo cambio ambiental. A exposición presentouse no Museo de Arte de Xenebra en 2021 e en 2025 na Casa das Artes, curada por Rosa Neutro.

O proxecto editorial convértese nun espazo de reflexión sobre os modos de produción do papel e os seus impactos ambientais. As placas de impresión offset, que retén tinta negra sobre superficies de tres metros de diámetro, propoñen un cuestionamento material que remite á fabricación de pasta de papel na Galiza a partir de eucaliptos. Ao longo de toda a súa práctica, Fernández Casas mantén unha posición crítica respecto ao seu lugar no mundo, como artista e como filla dunha familia proletaria, interrogándose continuamente sobre os vínculos entre corpo, materialidade e procesos sociais.

O percorrido de Sabrina Fernández

Constrúese arredor de relatos que se sitúan fóra das lóxicas hexemónicas. A súa práctica activa dispositivos narrativos que cuestionan as formas dominantes de representación e atenden ás transformacións sociais e territoriais.


Criada en Suíza e vinculada á Galiza a través das estadías familiares, trasladouse a Ourense e posteriormente a Pontevedra para estudar Belas Artes na Universidade de Vigo (UVigo), ampliando a súa formación no LUCA School of Arts de Bruxelas e na HEAD – École d'art et de design de Xenebra. Nos últimos anos foi candidata nos premios Swiss Art Awards 2025; gañou o premio Fundación Irène Reymond, Lausanne (2025) e participou nas residencias Pro Helvetia Artist Residency, Fondation Sacatar, Brésil (2022); Kiosko Galería Artist Residency, SantaCruz de la Sierra, Bolivia (2018).



Que significa crear desde esa identidade entre Galiza e Suíza?

Hoxe o mundo aparece profundamente interconectado, e a migración transformou moito as experiencias. Ter dúas culturas supón unha riqueza enorme: ás veces sitúase nun espazo intermedio, nun limiar que implica desprazamento, pero tamén abre a oportunidade de combinar bagaxes distintas. Esa amplitude de referencias permite vivir dunha forma bilingüe e atopar respostas que, moitas veces, resultan naturais. A residencia na Fundación María José Jove, na Coruña, funcionou como un eixo para resituarse e conectar con persoas da arte na Galiza.

Aínda así, en Suíza existen máis posibilidades de acceder a recursos remunerados, becas e premios, e de dedicarse á práctica artística a tempo completo, aínda que iso implique asumir varios traballos. "Varias artistas galegas asentáronse alí grazas ás becas da FMJJ para estudar o Máster en Belas Artes do Art Institute FHNW en Basilea, e levamos tempo pensando en colaborar xuntas", explica Fernández. "Ao mesmo tempo, dispor dun pequeno taller no rural galego sería moi valioso: permitiría pasar períodos máis longos, manter vínculos e crear conexións sostidas entre aquí e alí, compartir recursos e hibridar experiencias". "A arte enténdese como proceso colectivo: cada obra dialoga con outras, coa historia pasada e coa que está por vir, e xera coñecemento común a partir das aprendizaxes e influencias compartidas", conclúe.



Retrato de Sabrina Fernández. Abaixo, 'A árbore xenalóxica do capital (alliage)', La Ferme de la Chapelle. / Itziar Couce - Matheline Marmy